

NOME CIENTÍFICO

Betula alba

Descrición:

Árbore de folla caduca que pode acadar os 10-30 metros de altura. O seu tronco é pálido e as súas follas presentan unha cor branquecina.

Familia: Betulaceae

Orixe: Norte de Europa e Asia

Nome común: Bidueiro



As súas follas Son ovaladas, cun ápice agudo e co seu bordo serrado. De 2 a 5 centímetros de lonxitude.

As súas flores As súas flores se agrupan en amentos que dan lugar a froitos cilíndricos de 1 a 4 centímetros de lonxitude.



Os froitos presentan sementes con dúas ás para facilitar a súa dispersión polo vento.

27

Betula alba

Hábitat

Orixinaria do norte de Europa, na actualidade é unha árbore cunha grande presenza tanto no norte da península en xeral como en Galicia en particular, onde se atopa formando parte das fragas ou ben dando lugar a bidueirais. No sur de Galicia forma parte das especies de árbores de ribeira de ríos. Non presenta grandes requirimentos de solo, polo que o podemos atopar tanto en terreos degradados por incendios como en cunetas de estradas.

Usos ou propiedades

A súa madeira é dura e resistente polo que se usa en carpintería. En Galicia foi moi utilizada para a fabricación de zocos. A parte exterior da súa codia pode ser arrincada ser danar a árbore e utilizada para a fabricación de canoas. A parte interior da codia é fibrosa polo que se utilizou tradicionalmente para a elaboración de cordas.

Categoría IUCN

Preocupación menor (LC)

Curiosidades

O nome latino do bidueiro procede do galo “betu” que significa resina. Plinio afirmaba que os galos preparaban a partir da resina de bidueiro unha especie de betún.